

6.1.2. EVOLUCIÓN ECONÓMICA DO SECTOR

No ano 1999 xeráronse no sector forestal español uns **1.440 millóns de euros** (uns 240.000 millóns das antigas pesetas), cifra que se corresponde coa produción (valoración "en cargadeiro" no caso dos produtos madeireiros) das actividades inscritas no contorno silvícola do territorio nacional español, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, recollidos do *Anuario 2001 de estadística agroalimentaria*, complementado no caso do valor de prados e pastos pola seguinte fonte:

Madrigal, A., Fernández Cabada, J. L. e Ortuño, S. F., "The Forest Sector in Spain (1999)", citado en *Estrategia forestal española*, Ministerio de Medio Ambiente), que introduce unha valoración do aproveitamento de prados e pastos. A produción final forestal nese ano 1999 roldaría, segundo estes autores, os **1.627 millóns de euros** (270.800 millóns de pesetas).

.. 6.1.2.1. PRODUCCIÓN POR ACTIVIDADE

Segundo esta última referencia, poderíase facer a seguinte distribución da produción por actividade forestal:

A maior contribución sería a do aproveitamento de **madeira e leña**, cun 44,57% do produto forestal español. O aproveitamento de **prados e pastos** constituiría a segunda actividade máis significativa, cunha cota do 27,12%, mentres que a **caza** (pezas capturadas) se posiciona como a terceira dedicación máis significativa, contribuíndo cun 11,26%.


A recollida de **froitos** supón un 7,9% do produto forestal recollido en "The Forest Sector in Spain (1999)", mentres que a extracción de **cortiza**, cun 3,82%, a recollida de **fungos**, cun 3,55% e a **pesca fluvial**, cun 1,78%, son as outras actividades recollidas na táboa.

Táboa 1.1.>.. PRODUCCIÓN FORESTAL por ACTIVIDADE. Ano 1999 (%)

ACTIVIDADE	% PRODUCCIÓN
MADEIRA E LEÑA	44,57
CORTIZA	3,82
FROITOS	7,90
FUNGOS	3,55
PASTOS	27,12
CAZA*	11,26
PESCA FLUVIAL*	1,78
TOTAL FORESTAL	100,00

■ Fonte: Elaboración propia a partir de Madrigal, A., Fernández Cabada, J. L., e Ortuño, S. F., "The Forest Sector in Spain (1999)", citado en *Estrategia forestal española*, Ministerio de Medio Ambiente.

* Valor das pezas capturadas.




Tomando como fonte de información o *Anuario de estadística agroalimentaria 2001*, do MAPA, obtemos un repartimento máis detallado e completo, se ben no aproveitamento de pastos non se conta con valoración monetaria e se recorre á fonte anterior como cifra de referencia nesa actividade.

Esa distribución final por actividade económica é a que se amosa na táboa 1.2, que recolle a valoración madeireira "en cargadeiro".

Táboa 1.2. >.. PRODUCCIÓN FORESTAL por ACTIVIDADE. 1999	
ACTIVIDADE	PRODUCCIÓN (EUROS)
PÉS E SEMENTES	15.559.477,14
MADEIRA E LEÑA *	669.298.468,66
RESINA, CORTIZA E ESPARTO *	76.028.291,76
FROITOS	13.216.250,43
FUNGOS	27.317.504,32
CAMA PARA GANDO	2.909.957,03
PLANTAS	68.554,97
CAZA	155.632.846,57
PESCA CONTINENTAL	24.669.304,45
AREA, GRAVA E PEDRA	4.779.873,85
INGRESOS DE COLMEAS	60.491,47
OUTROS APROVEITAMENTOS	8.922.859,35
PRADOS E PASTOS**	441.443.210,08
TOTAL FORESTAL	1.439.907.090,08

■ Fonte: *Anuario de estadística agroalimentaria 2001*. MAPA.* Valor da produción "en cargadeiro".** Dato procedente de Madrigal, A., Fernández Cabada, J. L., e Ortuño, S. F., "The Forest Sector in Spain (1999)", citado en *Estrategia forestal española*, Ministerio de Medio Ambiente.



Nela constátase a eminente importancia da produción de **madeira e leña**, ao representar eses 669 millóns de euros un 46,48% do produto xerado polo conxunto do sector en España. A continuación situaríase a contribución forestal en forma de **prados e pastos**, representando un 30,66%. Entre ambas actividades concentrarían un 77% do valor xerado polo sector forestal en España, porcentaxe que se elevaría ao 87,95% no caso de sumárselle a **caza**, que chega a representar un 10,81%.

A rama extractiva definida pola produción de **resina, cortiza e esparto** é a seguinte en entidade (5,28%), e vén determinada fundamentalmente pola produción de cortiza, dado que a obtención de resina (con 2,27 millóns de euros e presente unicamente en Castela e León, e en Castela-A Mancha) e esparto (con 27 mil euros e monopolizada pola Rexión de Murcia) son dúas actividades marxinais dentro do espazo boscoso de España.

A recollida de **fungos** configúrase como o quinto labor máis significativo, proporcionando preto dun 2% da renda forestal hispánica, porcentaxe representada polos máis de 27 millóns de euros obtidos polos micólogos en 1999.

A un nivel próximo ao da produción fúnxica sitúase a **pesca en augas continentais**, que logra uns valores próximos aos 25 millóns de euros, representando un 1,71% do valor xerado no sector.

Cunha menor importancia relativa sitúanse os viveiros (**pés e sementes**), cun 1,08%, **recollida de froitos** (landras, castañas, piñóns e outros froitos), cun 0,92%, e outros **aproveitamentos**, cun 0,62%. Xa con menos de medio punto porcentual sitúanse as actividades de **area, grava e pedra, cama para gando, plantas** (oficinais, medicinais, ornamentais, etc.) e **colmeas**.

6.1.2.2. PRODUCCIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

No referente ao repartimento por Comunidades, destaca pola súa significación a Comunidade Autónoma de Galicia, que chega a acaparar un 28,19% dos rendementos do monte arborado español, porcentaxe que supera a suma das seguintes dúas rexións en importancia: Castela e León (15,13%) e País Vasco (10,25%), que entre ambas non superan o 25,38%.


Táboa 2.-. PRODUCCIÓN FORESTAL por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	104.845.069
ARAGÓN	32.677.181
BALEARES	5.829.145
CANARIAS	3.643.985
CANTABRIA	101.366.704
CASTELA E LEÓN	217.831.607
CASTELA-A MANCHA	85.300.265
CATALUÑA	56.760.757
COMUNIDADE VALENCIANA	14.289.487
ESTREMADURA	94.489.094
GALICIA	405.863.635
A RIOXA	6.660.350
MADRID	6.437.764
NAVARRA	42.966.811
PAÍS VASCO	147.571.661
PRINCIPADO DE ASTURIAS	107.741.836
REXIÓN DE MURCIA	5.631.731
ESPAÑA	1.439.907.090

■ Fonte: Elaboración propia a partir de Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA e Estrategia forestal española.

O Principado de Asturias sitúase no cuarto posto, cun 7,48%, fronte ao 7,28% de Andalucía, o 7,04% de Cantabria, o 6,56% de Extremadura, e o 5,92% de Castela-A Mancha.

A máis distancia atópanse Cataluña, cun 3,94%, Navarra, cun 2,98%, e Aragón, cun 2,27%.



No seguinte nivel sitúanse **Comunidade Valenciana, A Rioxa, Madrid, Baleares, Rexión de Murcia e Canarias**, que non chegan a representar ningunha delas nin o 1% do rendemento forestal español.

■ 6.1.2.3. ANÁLISE POR ACTIVIDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA

A anterior configuración xeográfica, pese a ser real, non deixa ver a importante heteroxeneidade que se agocha tras eses datos globais. Desta forma, ao analizar os datos de cada actividade por Comunidade Autónoma, pódese constatar unha configuración moi diferente por ámbito xeográfico, en función da actividade que se trate.

■ 6.1.2.3.1. PÉS E SEMENTES

Nesta actividade, segue sendo a Comunidade **galega** a que conta cunha maior cota de mercado (25,26%), se ben a vantaxe fronte ás subseguintes Comunidades é moito menor que a amosada no conxunto da produción forestal, posto que **Castela e León** conta cun 18,06%, **Castela-A Mancha** cun 15,35%, e o **Principado de Asturias** (que desbanca o País Vasco da cuarta posición) cun 14,97%.

O **País Vasco** representa un 7,16% da renda dos viveiros españois, fronte ao 6,09% da **Comunidade aragonesa**; a **andaluza** (3,82%), a **Valenciana** (3,74%), a **cántabra** (3,39%) son as outras rexións con certa significación na xeración de valor neste negocio, posto que ningunha das demais demarcacións autonómicas logra achegar nin tan sequera un enteiro porcentual.

Táboa 3.->.. PÉS e SEMENTES por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)	
CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	593.918
ARAGÓN	947.101
BALEARES	12.621
CANARIAS	124.410
CANTABRIA	527.316
CASTELA E LEÓN	2.809.756
CASTELA-A MANCHA	2.388.921
CATALUÑA	55.774
COMUNIDADE VALENCIANA	581.691
ESTREMADURA	-
GALICIA	3.930.558
A RIOXA	1.224
MADRID	-
NAVARRA	8.465
PAÍS VASCO	1.113.609
PRINCIPADO DE ASTURIAS	2.329.246
REXIÓN DE MURCIA	134.867
ESPAÑA	15.559.477

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

■ 6.1.2.3.2. MADEIRA E LEÑA

Trátase este, o da madeira (e leña), do recurso forestal por excelencia, e por descontado, tal como se amosaba con anterioridade, o máis importante en termos monetarios. Unha vez máis, **Galicia** destaca como a rexión con maior relevancia, nesta ocasión de forma aínda máis extrema, ao acaparar case un de cada dous euros dos valorados en cargadeiro deste tipo de explotacións, un 48,39% do total español.

Táboa 4.>.. MADEIRA e LEÑA por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA 37.230.129	
ARAGÓN	9.417.175
BALEARES	333.410
CANARIAS	744.420
CANTABRIA	18.415.901
CASTELA E LEÓN	69.407.194
CASTELA-A MANCHA	16.216.236
CATALUÑA	20.740.281
COMUNIDADE VALENCIANA	3.793.605
ESTREMADURA	7.664.388
GALICIA	323.876.499
A RIOXA	3.716.171
MADRID	1.090.530
NAVARRA	18.856.345
PAÍS VASCO	109.188.986
PRINCIPADO DE ASTURIAS	28.337.114
REXIÓN DE MURCIA	270.087
ESPAÑA	669.298.469

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

País Vasco (16,31%), **Castela e León** (10,37%) e **Andalucía** (5,56%) son as demarcacións dignas de ser mencionadas, xa que o resto non chega en caso ningún a supoñer nin un 5% (4,23% o **Principado de Asturias**, 3,09% **Cataluña**, 2,81% **Navarra**, 2,75% **Cantabria**, 2,42% **Castela-A Mancha**, 1,41% **Aragón** e 1,15% **Extremadura**).

O resto de comunidades, **Comunidade Valenciana**, **A Rioxa**, **Madrid**, **Canarias**, **Baleares** e **Rexión de Murcia**, non acadan en caso ningún o 0,6%.

■ 6.1.2.3.3. RESINA, CORTIZA E ESPARTO

Na obtención destes recursos existe unha forte concentración xeográfica. Dáse o caso de producións monopolizadas por unha (o caso do **esparto** en Murcia) ou dúas Comunidades Autónomas (**Castela e León** e **Castela-A Mancha** cando se fala da **resina**).

Táboa 5.>.. RESINA, CORTIZA e ESPARTO por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	40.777.687
ARAGÓN	0
BALEARES	0
CANARIAS	0
CANTABRIA	0
CASTELA E LEÓN	3.495.504
CASTELA-A MANCHA	785.763
CATALUÑA	3.061.916
COMUNIDADE VALENCIANA	57.711
ESTREMADURA	27.822.664
GALICIA	0
A RIOXA	0
MADRID	0
NAVARRA	0
PAÍS VASCO	0
PRINCIPADO DE ASTURIAS	0
REXIÓN DE MURCIA	27.046
ESPAÑA	76.028.292

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

A extracción de **cortiza** tampouco se salva desta situación de escasa dispersión territorial. Son unicamente seis as rexións que contan con ingresos por este concepto, se ben entre **Estremadura** (65,59%) e **Andalucía** (23,73%) acaparan máis do 90%. Cataluña, Castela e León, Castela-A Mancha e a Comunidade Valenciana son as outras catro Comunidades que achegan algún valor gracias ao aproveitamento de cortizas.

Tomando en consideración a agrupación destes tres negocios constatamos a importancia da industria da cortiza, que condiciona de forma moi significativa o repartimento territorial das rendas xeradas, dando un peso destacadísimo á comunidade **andaluza**, que chega a acaparar preto dun 53,63% da cota de mercado, por un 36,60% da **estremeña** (situación que se inverte no caso de valor en pé respecto a este valor en cargadeiro; naquelha situación era a **estremeña** a que contaba con maior relevancia).

Castela e León, pola súa parte, sería a seguinte xurisdición en importancia, ao contar cun 4,60% dos ingresos, mentres que **Cataluña** lograría un 4,02% e **Castela-A Mancha** un 1,03%. As achegas da **Comunidade Valenciana** e a **Rexión de Murcia** son meramente testemuñais, non acadando tan sequera unha décima de punto porcentual na produción de resina, cortiza e esparto.

■ 6.1.2.3.4. FROITOS

Na mesma liña do apartado anterior, respecto á concentración xeográfica da obtención de resina, cortiza e esparto, pódese falar do escenario que se dá na recollida de **froitos**, cambiando, iso si, os protagonistas.

Táboa 6.>.. FROITOS por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)	
CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA*	37.500
ARAGÓN	3.282
BALEARES	9.394
CANARIAS	-
CANTABRIA	-
CASTELA E LEÓN	5.925.688
CASTELA-A MANCHA	-
CATALUÑA	1.772.685
COMUNIDADE VALENCIANA	-
ESTREMADURA	-
GALICIA	5.438.468
A RIOXA	-
MADRID	29.233
NAVARRA	-
PAÍS VASCO	-
PRINCIPADO DE ASTURIAS	-
REXIÓN DE MURCIA	-
ESPAÑA	13.216.250

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.* Dato 1998

Nesta ocasión son **Castela e León** e **Galicia** as Comunidades Autónomas máis destacadas, ao situarse cun 44,84% e 41,15% respectivamente da riqueza obtida na colleita de froitos do bosque (landras, castañas, piñóns e outros froitos forestais), mentres **Cataluña** situaríase a continuación cun peso do 13,41%.

O resto das rexións non terían contribución ningunha, coa excepción de **Andalucía, Madrid, Baleares e Aragón**, que en todo caso non deixan de ter unha exigua participación, ao computar entre as catro pouco máis do medio punto porcentual.

■ 6.1.2.3.5. FUNGOS

A recolección de fungos (trufas e outros fungos) céntrase nas rexións fronteirizas do reino (aquelas que lindan con Francia e Portugal). É acaparada nunha proporción moi significativa (máis dun 60%) pola zona nordeste da Península: Aragón, cun 31,54%, e Cataluña, cun 29,25%.

Táboa 7.>.. FUNGOS por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)	
CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	122.570
ARAGÓN	8.616.632
BALEARES	-
CANARIAS	-
CANTABRIA	-
CASTELA E LEÓN	4.600.463
CASTELA-A MANCHA	479.307
CATALUÑA	7.991.169
COMUNIDADE VALENCIANA	48.862
ESTREMADURA	3.305.567
GALICIA	1.904.006
A RIOXA	248.927
MADRID	-
NAVARRA	-
PAÍS VASCO	-
PRINCIPADO DE ASTURIAS	-
REXIÓN DE MURCIA	-
ESPAÑA	27.317.504

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

Na outra fronteira, a lusa, céntrase outro 36% da produción fúnxica do estado, ao emprazarse un 16,84% da recollida en **Castela e León**, outro 12,10% en **Extremadura**, e un 7% en **Galicia**.

Finalmente, a contribución das Comunidades Autónomas de **Castela-A Mancha, A Rioxa, Andalucía e Comunidade Valenciana** é máis ben marxinal. Sumando agrupadas menos do 3,5%.

■ 6.1.2.3.6. CAMA PARA GANDO

Esta actividade experimenta unha recesión debido ao proceso de mercantilización da agricultura e a gandería, co conseguinte retroceso das explotacións familiares de gando, que son fundamentalmente as que se abastecen deste recurso. Non obstante, esta dotación forestal é susceptible do seu emprego como biomasa, tal como acontece na realidade, sendo utilizado xunto con outros subprodutos doutras actividades, como poden ser por exemplo os restos de podas.

Sendo así, non é de estrañar que sexa a comunidade **galega** a que figure á cabeza deste tipo de aproveitamento, con case tres cuartas partes da produción (73,16%), dada a súa importante cabana de gando vacún. **Canarias** sería a outra Comunidade que explota

este ben forestal, un 26,77%, posto que o **Principado de Asturias** ten unha participación que non alcanza nin o 0,1%, e o resto das rexións non presenta información estatística.

Táboa 8.>.. CAMA PARA GANDO por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	-
ARAGÓN	-
BALEARES	-
CANARIAS	778.912
CANTABRIA	-
CASTELA E LEÓN	-
CASTELA-A MANCHA	-
CATALUÑA	-
COMUNIDADE VALENCIANA	-
ESTREMADURA	-
GALICIA	2.128.785
A RIOXA	-
MADRID	-
NAVARRA	-
PAÍS VASCO	-
PRINCIPADO DE ASTURIAS	2.260
REXIÓN DE MURCIA	-
ESPAÑA	2.909.957

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

■ 6.1.2.3.7. PLANTAS

Case a totalidade desta produción se centra en **Castela e León**, xa que supera o 90% do valor das plantas de orixe forestal en España, deixando unicamente un 4,22% para **Andalucía**, un 3,32% para a **Rexión de Murcia**, un 1,32% para **A Rioxa**, e un escaso 0,5% para a **Comunidade Valenciana**.

Para o resto do país non existe evidencia estatística.

Táboa 9.>.. PLANTAS por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	2.896
ARAGÓN	-
BALEARES	-
CANARIAS	-
CANTABRIA	-
CASTELA E LEÓN	62.152
CASTELA-A MANCHA	-
CATALUÑA	-
COMUNIDADE VALENCIANA	331
ESTREMADURA	-
GALICIA	-
A RIOXA	902
MADRID	-
NAVARRA	-
PAÍS VASCO	-
PRINCIPADO DE ASTURIAS	-
REXIÓN DE MURCIA	2.275
ESPAÑA	68.555

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

■ 6.1.2.3.8. CAZA

O valor das pezas tomadas e os servizos complementarios facturados amósanse como a actividade máis relevante, despois da vinculada táboa ao aproveitamento de madeira e leña. Polarízase sobre todo nas Comunidades de **Castela-A Mancha** (36,03%), **Extremadura** (23,95%) e **Andalucía** (11,46%), sumando entre as tres un 71,45%.

Táboa 10.>.. CAZA por CC.AA. ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	17.840.507
ARAGÓN	5.634.130
BALEARES	5.375.314
CANARIAS	1.864.562
CANTABRIA	27.208
CASTELA E LEÓN	4.793.830
CASTELA-A MANCHA	56.079.224
CATALUÑA	8.765.705
COMUNIDADE VALENCIANA	8.540.972
ESTREMADURA	37.281.489
GALICIA	1.124.389
A RIOXA	873.537
MADRID	2.385.820
NAVARRA	1.724.785
PAÍS VASCO	568.594
PRINCIPADO DE ASTURIAS	1.583.192
REXIÓN DE MURCIA	1.169.591
ESPAÑA	155.632.847

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

As seguintes Comunidades cunha cota salientable son **Cataluña** (5,63%), **Comunidade Valenciana** (5,49%), **Aragón** (3,62%), **Baleares** (3,45%) e **Castela e León** (3,08%). O resto atópase moi repartido entre as nove Comunidades restantes, non alcanzando ningunha o 2% da produción total.

Se unicamente se toma en consideración o valor das pezas capturadas, a concentración espacial faise menor, inverténdose algunha das posicións expostas anteriormente.

Así, se ben **Castela-A Mancha** segue mantendo o seu status de Comunidade máis destacada, cun 28,75%, en segundo lugar sitúase **Andalucía**, cun 21,57%, fronte ao 10,65% de **Extremadura**. A **Comunidade Valenciana** (7,49%) e **Cataluña** (6,4%) intercambian as súas posicións, quedando **Castela e León** (5,8%) no sexto posto, mentres que **Aragón** alcanza a sétima praza cun 4,1%.

■ 6.1.2.3.9. PESCA CONTINENTAL

No caso da **pesca** en augas interiores, é **Galicia** a Comunidade cunha maior cota de capturas en valor monetario: o 32,3%, que sumados ao 20,37% de **Extremadura**, o 10,03% de **Cataluña**, e o 9,77% de **Castela e León** suman un 72,47% do valor dos exemplares extraídos.

Táboa 11.>.. PESCA por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	100.331
ARAGÓN	300.506
BALEARES	21.156
CANARIAS	-
CANTABRIA	423.173
CASTELA E LEÓN	2.409.409
CASTELA-A MANCHA	1.595.988
CATALUÑA	2.474.603
COMUNIDADE VALENCIANA	625.113
ESTREMADURA	5.025.553
GALICIA	7.968.214
A RIOXA	175
MADRID	549.990
NAVARRA	451.096
PAÍS VASCO	294.496
PRINCIPADO DE ASTURIAS	1.453.247
REXIÓN DE MURCIA	976.254
ESPAÑA	24.669.304

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

Se ás catro Comunidades mencionadas máis arriba se lles engaden outras tres, **Castela-A Mancha** (6,47%), **Principado de Asturias** (5,89%) e a **Rexión de Murcia** (3,96%), a porcentaxe agrupada aproxímase ao 90%.

Con significacións inferiores ao 3% posiciónanse a **Comunidade Valenciana** (2,53%), **Madrid** (2,23%), **Navarra** (1,83%), **Cantabria** (1,72%), **Aragón** (1,22%), **País Vasco** (1,19%), **Andalucía** (0,41%) e **Baleares** (0,09%). Respecto ao resto de Comunidades non existe significación estatística.

■ 6.1.2.3.10. AREA, GRAVA E PEDRA

O aproveitamento de substrato forestal por medio de **area, grava e pedra** amosa unha concentración moi importante na **Rexión de Murcia**, que acapara o 53,43%. Coa achega de **Castela e León** (11,67%), **Cataluña** (9,41%), **Madrid** (8,57%), **Comunidade Valenciana** (6,89%), **País Vasco** (5,3%) e **Cantabria** (3,22%) a porcentaxe conxunta rolda o 98,5%.

Táboa 12.>.. AREA, GRAVA e PEDRA por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	0
ARAGÓN	32.516
BALEARES	0
CANARIAS	0
CANTABRIA	153.859
CASTELA E LEÓN	557.780
CASTELA-A MANCHA	33.875
CATALUÑA	449.557
COMUNIDADE VALENCIANA	329.183
ESTREMADURA	0
GALICIA	0
A RIOXA	1.216
MADRID	409.562
NAVARRA	0
PAÍS VASCO	253.280
PRINCIPADO DE ASTURIAS	5.003
REXIÓN DE MURCIA	2.554.042
ESPAÑA	4.779.874

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

As rexións de **Castela-A Mancha**, **Aragón**, **Principado de Asturias** e **A Rioxa** non alcanzan por separado o punto porcentual; suman entre as catro un 1,5%. O resto das Comunidades non dispoñen de estatística ao respecto.

■ 6.1.2.3.11. INGRESOS DE COLMEAS

A produción apícola en espazo forestal dentro do territorio español, segundo o *Anuario de Estadística Agroalimentaria 2001*, presenta a seguinte estrutura:

Táboa 13.>.. INGRESOS DE COLMEAS por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	573
ARAGÓN	4.586
BALEARES	60
CANARIAS	0
CANTABRIA	0
CASTELA E LEÓN	26.078
CASTELA-A MANCHA	13.649
CATALUÑA	0
COMUNIDADE VALENCIANA	7.164
ESTREMADURA	0
GALICIA	0
A RIOXA	6.028
MADRID	2.222
NAVARRA	0
PAÍS VASCO	0
PRINCIPADO DE ASTURIAS	0
REXIÓN DE MURCIA	132
ESPAÑA	60.491

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

As dúas Castelas acaparan un 65,67% do valor da produción nacional, un 43,11% **Castela e León**, e un 22,56% **Castela-A Mancha**. A **Comunidade Valenciana** cun 11,84%, **A Ríoxa** cun 9,97% e **Aragón** cun 7,58% son as seguintes rexións en entidade.

O 5% restante distribúese entre **Madrid** (3,67%), **Andalucía** (0,95%), **Rexión de Murcia** (0,22%) e **Baleares** (0,10%).

■ 6.1.2.3.12. INGRESOS POR OUTROS APROVEITAMENTOS

A última agrupación de ingresos obtidos en territorio forestal ten unha distribución semellante á que se acaba de describir para a explotación de colmeas, ao contar ambas Castelas cunha porcentaxe que rolda o 75%, só que nesta ocasión a ratio que presenta **Castela e León** rolda o 60%, por un 13,42% da outra Comunidade castelá (**Castela-A Mancha**). Próxima a esta Comunidade posiciónase **A Ríoxa**, cun 11,26% de participación.

Táboa 14.>.. OUTROS APROVEITAMENTOS por CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	0
ARAGÓN	487.493
BALEARES	132
CANARIAS	0
CANTABRIA	0
CASTELA E LEÓN	5.316.144
CASTELA-A MANCHA	1.197.673
CATALUÑA	0
COMUNIDADE VALENCIANA	31.614
ESTREMADURA	0
GALICIA	0
A RÍOXA	1.004.640
MADRID	744.420
NAVARRA	0
PAÍS VASCO	19.980
PRINCIPADO DE ASTURIAS	58.488
REXIÓN DE MURCIA	62.276
ESPAÑA	8.922.859

■ Fonte: Anuario de estadística agroalimentaria 2001. MAPA.

Madrid e **Aragón** serían as outras rexións con certa relevancia, cun 8,34% e 5,46% respectivamente. Outras demarcacións con incidencia estatística son **Rexión de Murcia**, **Principado de Asturias**, **Comunidade Valenciana**, **País Vasco** e **Baleares**, que xa non chegan nin ao punto porcentual.

■ 6.1.2.3.13. VALOR DO APROVEITAMENTO DE PASTOS E PRADOS

Para a configuración desta actividade por Comunidade Autónoma recorreuse á distribución da produción física (en tm) recollida polo *Anuario de estadística agroalimentaria* do MAPA e ao dato sobre a produción de pastos en 1999 proporcionado por Madrigal, A., Fernández Cabada, J. L., e Ortuño, S. F., publicado en *Estrategia forestal española*, Ministerio de Medio Ambiente. Pódese asumir como aceptable a hipótese de que o prezo medio non varíe nunha magnitude significativa dunha rexión a outra, de xeito que é razoable distribuír proporcionalmente a dita produción total en euros, en función do produto físico, en toneladas métricas, tal como se fixo.

Deste xeito, **Castela e León** establécese como a Comunidade Autónoma con maior importancia, cun 26,83% do valor total, seguido polo 18,53% de **Cantabria**, o 16,76% do **Principado de Asturias** e o 13,48% de **Galicia**.

O **País Vasco** configúrase como a quinta rexión en importancia, cun 8,19%. **Navarra** (4,97%), **Extremadura** (3,03%), **Cataluña** (2,59%), **Andalucía** (1,84%), **Aragón** (1,64%) e **Castela-A Mancha** (1,47%) configúranse como as seguintes CC.AA. cun certo nivel de significación.

Madrid, A Rioxa, Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana, Canarias e Baleares situaríanse no último lugar, cunha contribución marxinal ao sumar entre todas elas menos do 0,7%.

Táboa 15.>.. PASTOS e PRADOS POR CC.AA. Ano 1999 (EUROS)

CC.AA.	PRODUCCIÓN
ANDALUCÍA	8.138.957,35
ARAGÓN	7.233.761,71
BALEARES	77.058,68
CANARIAS	131.682,56
CANTABRIA	81.819.248,77
CASTELA E LEÓN	118.427.608,80
CASTELA-A MANCHA	6.509.629,58
CATALUÑA	11.449.066,62
COMUNIDADE VALENCIANA	273.241,30
ESTREMADURA	13.389.433,46
GALICIA	59.492.715,37
A RIOXA	807.531,08
MADRID	1.225.988,98
NAVARRA	21.926.120,89
PAÍS VASCO	36.132.717,76
PRINCIPADO DE ASTURIAS	73.973.285,11
REXIÓN DE MURCIA	435.162,07
ESPAÑA	441.443.210,08


■ Fonte: estimacións realizadas a partir de *Anuario de estadística agroalimentaria 2001*. MAPA e Estrategia forestal española.

■.. 6.1.2.4. EMPRESAS NO SECTOR FORESTAL ESPAÑOL

Segundo os datos procedentes das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España (base de datos de empresas Camerdata, fonte de información empregada no *Segundo estudio de inversión y empleo en el sector forestal, ASEMFO*), no ano 2001 había preto de 900 empresas inscritas no epígrafe 912 (servizos forestais) do IAE (imposto de actividades económicas), que é o que máis se axusta á actividade do sector.

NÚMERO de EMPRESAS no SECTOR FORESTAL por CC.AA.		
CC.AA.	2000	2001
ANDALUCÍA	66	33
ARAGÓN	17	7
BALEARES	7	8
CANARIAS	3	4
CANTABRIA	13	6
CASTELA E LEÓN	67	22
CASTELA-A MANCHA	65	13
CATALUÑA	118	231
COMUNIDADE VALENCIANA	30	44
ESTREMADURA	12	20
GALICIA	45	93
A RIOXA	4	1
MADRID	24	22
NAVARRA	21	132
PAÍS VASCO	98	348
PRINCIPADO DE ASTURIAS	15	8
REXIÓN DE MURCIA	2	0
ESPAÑA	607	877

■ Fonte: Elaboración propia a partir de Camerdata, 2002. Citado no Segundo estudio de inversión y empleo en el sector forestal. ASEMFO.




A súa distribución por Comunidade Autónoma é a que se reflite na táboa adxunta. A maior porcentaxe correspóndese co **País Vasco**, que chega a contar case cun 40% das entidades, fronte ao 26% de **Cataluña**; reúnen entre ambas un 66% das organizacións.

Un 15,05% establécese en **Navarra**, mentres que **Galicia**, a cuarta rexión en canto a número de sociedades, achega un 10,6%. Nestas catro primeiras Comunidades concéntrase arredor do 80% destas empresas forestais.

A **Comunidade Valenciana** (5,02%) sería a quinta rexión en canto a número de sociedades, mentres que son cinco as outras Comunidades cunha certa significación: **Andalucía** (3,76%), **Madrid** (2,51%), **Castela e León** (2,51%), **Extremadura** (2,28%) e **Castela-A Mancha** (1,48%). O resto de CC.AA. non alcanza o 1%.

Non obstante, esta distribución, de por si, non é tan reveladora da actividade forestal como pode ser a porcentaxe de empresas forestais no conxunto de empresas totais de cada Comunidade Autónoma, posto que a variable a nivel pode reflectir ou ben a maior ou menor dimensión socioeconómica ou incluso xeográfica dunha rexión, ou ben a cultura ou configuración empresarial dunha zona determinada, e non tanto o peso empresarial do sector que nos ocupa, tal como amosaría o indicador proposto de número de empresas forestais respecto ao número total de sociedades de cada área xeopolítica.



Tomando como referencia ese dato de número de empresas forestais respecto ao número total de sociedades, obtense a seguinte configuración para os dous anos de referencia, 2000 e 2001, expresadas en tantos por 10.000, é dicir, o número de entidades forestais por cada 10.000 totais. Por exemplo, o indicador 7,38 de Andalucía é o resultado de dividir as 66 forestais polas 89.460 totais que existían en Andalucía no ano 2000, multiplicando o resultado por 10.000 ($7,38 = 66 / 89.460 \times 10.000$).

Diferéncianse no ano 2001 tres ou catro grupos de rexións. En primeiro lugar **Navarra** e o **País Vasco**, que contan cuns indicadores moi elevados (en relación á media nacional), con 128 e 88 empresas forestais por cada 10.000, respectivamente, mentres que a media estatal roldaría as 10 empresas do epígrafe IAE 912.

EMPRESAS do SECTOR FORESTAL / TOTAL Empresas x 10.000		
CC.AA.	2000	2001
ANDALUCÍA	7,38	3,66
ARAGÓN	7,22	2,96
BALEARES	3,11	3,38
CANARIAS	1,09	1,37
CANTABRIA	18,01	8,00
CASTELA E LEÓN	18,51	5,93
CASTELA-A MANCHA	21,54	4,34
CATALUÑA	7,47	12,88
COMUNIDADE VALENCIANA	3,41	4,48
ESTREMADURA	12,02	19,92
GALICIA	11,01	22,72
A RIOXA	7,61	1,75
MADRID	1,84	1,71
NAVARRA	18,59	127,93
PAÍS VASCO	23,97	87,75
PRINCIPADO DE ASTURIAS	15,88	6,09
REXIÓN DE MURCIA	1,15	0,00
ESPAÑA	8,12	10,30

■ *Fonte: Elaboración propia a partir de Camerdata, 2002. Citado no Segundo estudio de inversión y empleo en el sector forestal, ASEMFO.*

A continuación situáranse **Galicia** (22), **Estremadura** (20) e **Cataluña** (13), cunhas ratios superiores á media (10) pero bastante máis modestas cás comentadas no parágrafo anterior.

Baixo a media sitúanse o resto de Comunidades. Destacan pola súa maior proximidade ao índice medio **Cantabria** (8), **Asturias** (6), **Castela e León** (6) e **Castela-A Mancha** (4), cando, ademais, dáse o caso de que no ano anterior, estas cinco Comunidades (xunto coas mencionadas máis arriba) superaban con moito a media española (máis do dobre, como se pode comprobar na táboa adxunta).

En canto ao tránsito do ano 2000 ao 2001, a tendencia xeral do sector foi crecente, cunha alza do 44,48% no conxunto do Estado, fronte ao 13,82% de crecemento do conxunto de empresas españolas (forestais e non forestais), co cal o balance é bastante positivo, ao ser tres veces superior ao crecemento no número de empresas do sector respecto ao total.

O paso do ano 2000 ao 2001 foi moi diferente segundo a Comunidade Autónoma que se trate. Así, por exemplo, as CC.AA. de **Navarra**, **País Vasco**, **Galicia**, **Cataluña**, **Estremadura**, **Comunidade Valenciana**, **Canarias** e **Baleares** amosaron unha evolución positiva, mentres que a **Rexión de Murcia**, **Castela-A Mancha**, **A Rioxa**, **Castela e León**, **Aragón**, **Cantabria**, **Andalucía**, **Principado de Asturias** e **Madrid** experimentaron un descenso na participación das empresas do epígrafe IAE 912 no total de sociedades.

■.. 6.1.2.5. EMPREGO NO SECTOR FORESTAL ESPAÑOL

Todo intento de aproximación á cifra de persoas ocupadas neste sector vaise atopar cunha serie de limitacións e inexactitudes debido ao propio carácter non industrial da maioría das actividades incluídas nesta agrupación (coa conseguinte carencia de información) ou á propia inconcreción deses labores (chegando a solaparse ou mesturarse nunha mesma persoa máis dunha ocupación), o cal pode chegar a ocasionar unha sobreestimación do propio volume de emprego.

Con todo, o primeiro condicionante pode marcar a estimación en maior contía que o segundo, co cal, é doado que se infravalore a cifra de traballadores do sector.

Así, nos poucos estudos que recollen algún tipo de información ao respecto, e nos que imos a basearnos para describir a grandes liñas a configuración do emprego no monte español, o *Estudio de inversión y empleo en el sector forestal* e o *II Estudio de inversión y empleo en el sector forestal. Período 2000-2001*, realizados por ASEMFO (Asociación Nacional de Empresas Forestales) e TECNOSYLVA, S. L. (no primeiro ano), a cifra presentada rolda os 50.000 empregos.

Porén, debido ao método que se emprega (número de contratos existentes en 9 ocupacións exclusivas e representativas do sector, cando existen non obstante, algunhas máis), pódese argumentar unha estimación á baixa, que levaría a unha valoración máis favorable.

Nese sentido, e tomando como referencia outro estudo, o de **Price Waterhouse** en 1999, *Estudio de evaluación del sector forestal en el desarrollo rural*, no que expoñen tres métodos de estimación, un mediante datos do INEM, outro transformando investimento público en empregos directos e un terceiro baseado nos xornais, obtéñense unhas cifras para o ano 1997 que roldarían os 70.000 empregos.

Malia todo, e tratándose, como se comentaba con anterioridade, das principais fontes de información ao respecto, tomaranse como referencia á hora de valorar o emprego forestal en termos evolutivos no primeiro caso e como dato de referencia no segundo, pese a que, tal e como se matiza no propio traballo de ASEMFO, na situación actual dáse un maior investimento e os contratos, non obstante, son moitos menos, co cal a relación entre investimento público e emprego pode ser posta en dúbida.

O devandito estudo, tal como se mencionou, recolle o número de contratos por ocupación (reflectedos no Observatorio Ocupacional do INEM), daquelas exclusivamente forestais.

Dos 44.144 contratos rexistrados no exercicio 2001, un 55% correspóndese coa ocupación de **peón forestal** e un 24,80% coa de **traballador forestal en xeral**; son as de maior significación de todas as introducidas na análise, pois monopolizan un 80% entre ambas.


NÚMERO de CONTRATOS por OCUPACIÓN no SECTOR FORESTAL		
OCUPACIÓN	2000	2001
Enxeñeiro de montes	453	666
Enxeñeiro técnico forestal	872	904
Encargado-capataz forestal	1.797	1.600
Traballador forestal en xeral	12.062	10.949
Podador forestal	681	729
Motoserrista forestal	4.036	3.562
Traballador da sobreira	1.732	1.403
Carboeiro de carbón cexetal	35	39
Peón forestal	30.142	24.292
TOTAIS	51.810	44.144

■ Fonte: Elaboración propia a partir de INEM, Servicio de Observatorio Ocupacional. Citado no Segundo estudio de inversión y empleo en el sector forestal, ASEMFO.

Os de **motoserrista** representan un 8,07% dos acordos laborais, os de **encargado-capataz forestal**, un 3,62%, e os de **traballador da sobreira**, un 3,18%. Os **enxeñeiros técnicos forestais** supoñen un 2,05%, mentres que os **podadores forestais** representan un 1,65% e os **enxeñeiros de montes** un 1,51%.

A ocupación de **carboeiro de carbón vexetal** é unha ocupación en recesión e a todas luces marxinal; representan eses 39 contratos un paupérrimo 0,09% do total.

No que respecta á evolución nos anos contemplados por ASEMFO, a tendencia é bastante negativa, posto que no tránsito dun ano, de 2000 a 2001, pérdense un total de 7.666 contratos, que representan un 14,80% dos existentes no exercicio 2000.



Esta caída vén determinada fundamentalmente pola evolución da contratación nas ocupacións de maior dimensión comentadas con anterioridade, isto é, **peón forestal**, que cunha caída de 5.850 contratos sofre un descenso do 19%, fronte ao 9,22% que baixa a ocupación de **traballador forestal**, o que representa o 91% dos postos de traballo perdidos entre ambas.

As outras tres ocupacións que experimentan recesións son as de **motoserrista forestal** (11,74%), **traballador da sobreira** (19%) e **encargado-capataz forestal** (10,96%).

Pola contra, existen ocupacións que amosan un balance positivo: o colectivo de **enxeñeiros de montes** experimenta un crecemento do 47% (213 novos contratos), o de **podadores forestais**, un 7,05% (48 efectivos máis), e o de **enxeñeiros técnicos forestais**, un 3,67% (32).

Respecto ao ano 2000, no 2001 realizáronse catro contratacións máis (11,43%) na ocupación de **carboeiro de carbón vexetal**, dato que non ten moita significación ao estar falando dunha ocupación que en todo o Estado español conta con menos de 40 efectivos contratados (cando menos nas estatísticas oficiais).

Tal como se comentou no seu momento estas evolucións deben interpretarse con suma cautela, xa que a mostra é limitada tanto en tempo como en número de ocupacións.

Por un lado, unha mostra de dous datos puntuais (anos 2000 e 2001) non pode ser representativa dunha evolución, dado que para ser unha serie medianamente rigorosa debería tomarse en consideración unha mostra de 10 a 15 anos, que en termos de contratación xa amosaría unha tendencia clara.


Por outro lado, a selección dunhas cantas ocupacións, aínda sendo representativas, non dan unha visión global das tendencias que está a tomar o sector, no senso de estar producíndose algunha transformación estrutural ou produtiva que non ten por que verse reflectida necesariamente nunha elección acertada, aínda que (como toda selección) incompleta, de ocupacións.

NÚMERO de CONTRATOS no SECTOR FORESTAL por CC.AA.		
CC.AA.	2000	2001
ANDALUCÍA	12.216	11.123
ARAGÓN	1.679	1.965
BALEARES	472	302
CANARIAS	721	993
CANTABRIA	1.169	839
CASTELA E LEÓN	9.223	7.595
CASTELA-A MANCHA	3.792	2.786
CATALUÑA	3.174	2.044
COMUNIDADE VALENCIANA	2.978	3.098
ESTREMADURA	5.559	4.285
GALICIA	6.195	5.153
A RIOXA	204	237
MADRID	1.398	1.103
NAVARRA	128	167
PAÍS VASCO	1.190	1.374
PRINCIPADO DE ASTURIAS	1.086	1.032
REXIÓN DE MURCIA	86	48
ESPAÑA	51.810	44.144

■ Fonte: Elaboración propia a partir de INEM, Servizo de Observatorio Ocupacional. Citado no Segundo estudio de inversión y empleo en el sector forestal, ASEMFO.

Por Comunidade Autónoma, é **Andalucía** a que contaba coa maior porcentaxe de contratos realizados, un total de 12.216, que representan un 23,58% do total. Un 17,8% establécese en **Castela e León**, un 11,98%, en **Galicia**, e un 10,73%, en **Extremadura**, concentrando entre os catro preto do 65% dos contratos celebrados no sector forestal español no ano 2000.

Castela-A Mancha (7,32%), **Cataluña** (6,13%) e a **Comunidade Valenciana** (5,75%) serían as seguintes rexións salientables.



Cunha menor relevancia posiciónanse as Comunidades de **Aragón** (3,24%), **Madrid** (2,70%), **País Vasco** (2,30%), **Cantabria** (2,26%) o **Principado de Asturias** (2,10%) e **Canarias** (1,39%).


Cunha significación escasa sitúanse **Baleares**, **A Rioxa**, **Navarra** e **Rexión de Murcia**, pois non alcanza ningunha delas nin tan sequera o 1% da contratación levada a cabo no exercicio 2000.

Se ben no conxunto do Estado e nas ocupacións seleccionadas o paso de 2000 a 2001 se saldou cunha caída no número de contratos, esta caída centrouse fundamentalmente naquelas Comunidades Autónomas que teñen un maior volume de contratacións: **Castela e León** (-1.628), **Extremadura** (-1.274), **Cataluña** (-1.130), **Andalucía** (-1.093), **Galicia** (-1.042) e **Castela-A Mancha** (-1.006).

Ás anteriores habería que engadirllas outras de menor dimensión, que tamén padeceron unha caída nas súas contratacións: **Cantabria** (-330), **Madrid** (-295) **Baleares** (-170), **Principado de Asturias** (-54) e **Rexión de Murcia** (-38).

As rexións que presentaron alzas no número de contratos foron todas elas de menor dimensión que aquelas do primeiro grupo: **Aragón** (286), **Canarias** (272), **País Vasco** (184), **Comunidade Valenciana** (120), **Navarra** (39) e **A Rioxa** (33).

Para unha análise noutros termos de detalle recorreuse ao estudo de Price Waterhouse, que na súa primeira referencia recolle datos procedentes do INEM. Alí observábase a distribución por tipoloxía de contrato e destacaba a gran significación das contratacións **por obra ou servizo**, que supón o 65,33%, mentres que o réxime de **eventual, por circunstancias da produción** representa o 30,37%, acaparando entre ambas un 95% do número total de contratos. O resto recóllese na táboa adxunta:



CONTRATOS segundo TIPOLOXÍA. Ano 1998	
TIPO DE CONTRATO	N.º
INDEFINIDO ORDINARIO	266
OBRA OU SERVIZO	40.551
EVENTUAL PRODUCCIÓN	18.852
INTERINIDADE	205
INDEFINIDOS LEI 63/97	285
TEMPORAL MINUSVÁLIDOS	16
SUBSTITUCIÓN XUBILACIÓN	3
PRÁCTICAS	58
FORMACIÓN LEI 63/97	68
MINUSVÁLIDOS	4
MINUSVÁLIDOS EN CEE	4
OUTROS CONTRATOS	1.577
CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS	184
TOTAIS	62.073


■ Fonte: INEM. Citado en Price Waterhouse, Estudio de evaluación del sector forestal en el desarrollo rural.

CONTRATOS por DEDICACIÓN. Ano 1995	
DEDICACIÓN	N.º
PROTECCIÓN DAS ESPECIES-FLORA e FAUNA	5.001
PROTECCIÓN DOS HÁBITATS e PAISAXES	24.134
PROTECCIÓN DOS BOSQUES	16.289
RECUPERACIÓN DE POBOACIÓNS DE ESPECIES e PAISAXES	11.967
XESTIÓN doutros RECURSOS-BOSQUES	11.556
TOTAIS	68.947

■ Fonte: Price Waterhouse, Estudio de evaluación del sector forestal en el desarrollo rural, a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente.

Na segunda estimación traduciase en emprego o investimento público das administracións, destinada ás funcións de protección, recuperación e restauración das especies, hábitats e bosques. A partir dos gastos correspondentes aos capítulos de persoal, investimentos e transferencias de capital, estimanse os empregos que veñen ligados ás actividades seguintes:

O 35% dos empregos estimados desta forma, ocuparíase nos labores de **protección de hábitats e paisaxes**, polo 23,63% dos que se establecerían na **protección de bosques**. Un 17,36% situaríase na **recuperación de poboacións de especies e paisaxes**, mentres que a **xestión doutros recursos-bosques** contaría con outro 16,76%, menos un 7,25% para a **protección das especies-flora e fauna**.



Unha idea da distribución do emprego por actividade realizada é a que saíra do terceiro método de estimación, baseado nas unidades físicas de labor e xornais dedicados á realización de todos os traballos e servizos implicados directamente no sector forestal.


A dita estimación determinaríase a configuración por actividade para o ano 1997, que se recolle na táboa seguinte:

CONTRATOS por ACTIVIDADE. Ano 1997	
ACTIVIDADE	N.º
REPOBOACIÓN	9.506
TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	4.349
EXPLOTACIÓN FORESTAL	10.467
HIDROLOXÍA	256
PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS	14.219
TÉCNICOS e AXENTES FORESTALS (GARDAS)	5.320
SERVIZOS	2.889
EMPREGO PÚBLICO-XESTIÓN e ADMINISTRACIÓN	7.996
VIVEIROS	1.183
RESTAURACIÓN DE PAISAXES e MEDIO AMBIENTE	8.703
CAZA	7.347
TOTAIS	72.235

■ Fonte: Price Waterhouse, Estudio de evaluación del sector forestal en el desarrollo rural.

A maior porcentaxe do emprego estableceríase na **defensa contra incendios**, ao concentrar case unha de cada cinco das persoas ocupadas no sector (19,68%).

A **explotación forestal** e a **repoboación** serían as seguintes ramas produtivas en entidade con participacións respectivas do 14,49% e 13,16%, mentres que a **restauración de paisaxes e medio ambiente** se configuraría como a seguinte en importancia, cun 12,05%.



O **emprego público**, cun 11,07%, a **caza** cun 10,17%, os **técnicos e axentes forestais**, cun 7,36%, e os ocupados en **tratamentos silvícolas**, cun 6,02%, serían as actividades salientables despois das catro primeiras, quizais xunto cos **servizos**, que achegarían un 4% do emprego. Xa con menor importancia relativa posicionaríanse os **viveiros** (1,64%) e a **hidroloxía** (0,35%).

6.1.2.6. INVESTIMENTOS PÚBLICOS NO SECTOR FORESTAL

Os investimentos públicos que se realizan no monte español por parte das Administracións Central e Autonómicas roldou no ano 2001 a cifra de 600 millóns de euros, dato que segue unha liña alcista, á vista da información publicada por ASEMFO nos seus estudos de investimento e emprego no sector forestal. Esa alza, con todo, cabe matizala ao poñer en relación o esforzo investidor no sector forestal co conxunto do investimento das Administracións do Estado Central e as Comunidades Autónomas.

Se se ten en conta a evolución a nivel desta variable con tan importante efecto multiplicador* no contorno socioeconómico, conséntase un crecemento duns 10 millóns de euros desde o exercicio 2000 ao 2001. Esta evolución, non obstante, e tal como acontecía co número de contratos, ten unhas diferenzas moi significativas dunha Comunidade a outra.

* Ademais do impacto directo do propio investimento, propicia un crecemento produtivo noutros sectores polo efecto inducido no resto da economía grazas á demanda que se xera cara a outros sectores ou entidades: por exemplo, o investimento en control de pragas pode traer consigo unha maior demanda á industria química e esta, á súa vez, terá que incrementar as súas necesidades de material e, por tanto, incrementárase o transporte para o traslado das mercancías, etc...

En **Estremadura**, por exemplo, produciuse unha diminución do 41% (-16 Meuros: Millóns de euros), que se reflite nunha caída de 2,28 puntos (un 37,12% inferior á do 2000) na participación do investimento forestal no conxunto do investimento das Administracións Públicas.

INVERSIONES PÚBLICAS no SECTOR FORESTAL por CC.AA. (miles euros)				
CC.AA.	INVERSIÓN TOTAL NO SECTOR ADMÓN. PÚBLICA		INVERSIONES NO SECTOR FORESTAL	
	2000	2001	2000	2001
ANDALUCÍA	2.615.064	2.673.192	115.337	115.059
ARAGÓN	515.546	571.646	23.696	23.450
BALEARES	278.675	297.541	9.434	13.206
CANARIAS	725.760	774.610	2.505	5.107
CANTABRIA	295.935	309.786	9.439	7.345
CASTELA E LEÓN	1.384.967	1.516.559	105.121	118.032
CASTELA-A MANCHA	1.057.194	1.226.561	65.784	61.044
CATALUÑA	1.011.922	1.123.507	5.804	19.348
COMUNIDADE VALENCIANA	1.340.593	1.350.417	22.990	20.482
ESTREMADURA	640.658	602.929	39.281	23.246
GALICIA	1.303.319	1.472.834	86.353	88.872
A RIOXA	142.651	152.716	8.643	7.178
MADRID	1.355.174	1.404.048	41.398	42.513
NAVARRA	462.698	533.033	8.345	9.645
PAÍS VASCO	717.241	717.241	12.588	12.924
PRINCIPADO DE ASTURIAS	606.953	742.364	15.635	16.531
REXIÓN DE MURCIA	406.522	417.381	9.340	7.405
ESPAÑA	14.860.872	15.886.365	581.693	591.387

■ *Fonte: Elaboración propia a partir de Segundo estudio de inversión y empleo en el sector forestal, ASEMFO.*

No extremo oposto sitúase **Cataluña**, que cun crecemento do 233% (+13,5 Meuros) fixo medrar en 1,15 puntos a participación forestal no investimento público total (un 200% superior). O dito incremento cabe matizalo no sentido de que a súa ratio investimento público forestal/investimento público total era dos máis baixos do Estado: un 0,57%, cando a media era do 3,91%.

No camiño intermedio pódese establecer outra categoría, dado que non sempre o aumento (redución) de orzamento para o forestal supón maior (menor) participación deste no conxunto dos investimentos públicos:

- I. **1º Grupo:** Comunidades Autónomas que reducen o seu investimento no sector forestal e reducen a participación desta no investimento público total. Este grupo estaría encabezado por **Estremadura**, e integrado ademais polas Comunidades de **Castela-A Mancha**, **Comunidade Valenciana**, **Cantabria**, **Rexión de Murcia**, **A Rioxa**, **Andalucía** e **Aragón**.
- I. **2º Grupo:** Comunidades Autónomas que incrementan o seu investimento no sector forestal e manteñen ou incrementan a súa participación no investimento total. Este sería o caso de **Cataluña**, **Castela e León**, **Baleares**, **Canarias**, **Navarra** e **País Vasco**.

- l. **3º Grupo:** Comunidades Autónomas que aumentan o seu investimento no sector forestal e, non obstante, reducen a participación desta no investimento público total. Nesta situación acharíanse **Galicia, Madrid e o Principado de Asturias**. Igualmente, o conxunto do Estado español atópase neste caso, pois se ben os fondos destinados ao monte se ven incrementados (en 9,64 Meuros), o resto do investimento público medrou a un ritmo superior, de xeito que a participación dos investimentos que nos ocupan vese reducida, pasando dun 3,91% no ano 2000 a un 3,72% no 2001.


Unha idea da importancia que se lle concede ao patrimonio boscoso por parte das Administracións Autonómicas, pode vir dada polo peso que ten a aplicación de fondos públicos ao monte respecto ao conxunto de investimentos de cada administración. Ese indicador é moito máis representativo que o propio gasto monetario que se realiza para a mellora ou conservación deste patrimonio natural, posto que tal cifra, de por si, non é moi aclaratoria se non se pon en relación co investimento total de cada administración.

Se se comparase, por exemplo, o dato a nivel dunha Comunidade Autónoma pequena como **A Ríoxa** (8.643 meuros: miles de euros) co dunha grande como **Andalucía** (115.337 meuros), saíría desproporcionada a vantaxe da Comunidade sureña, cando en realidade na ríoxana existe, en proporción, unha maior asignación de medios ao sector forestal con relación ao investimento total (6,06% no ano 2000) respecto á Comunidade andaluza (4,41 no mesmo ano 2000).

Tomando ese indicador como válido para realizar esta comparativa, vemos que no conxunto do Estado a proporción é do 3,72%. Son **Castela e León e Galicia** as Comunidades que maior porcentaxe de investimento destinan ao monte: un 7,78% e 6,03% respectivamente.

Tamén sobre a media nacional se sitúan as Comunidades de **Castela-A Mancha** (4,98%), **A Ríoxa** (4,70%), **Baleares** (4,44%), **Andalucía** (4,30%), **Aragón** (4,10%) e **Extremadura** (3,86%).

Como Comunidades menos proclives a investir en montes configúranse: **Canarias** (0,66%), **Comunidade Valenciana** (1,52%), **Cataluña** (1,72%), **Rexión de Murcia** (1,77%), **País Vasco** (1,80%), **Navarra** (1,81%), **Principado de Asturias** (2,23%), **Cantabria** (2,37%) e **Madrid** (3,03%).



6.1.2.7. EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN FORESTAL

O conxunto da produción forestal en España desde 1996 a 1999 (anos dispoñibles nos *Anuarios de estadística agroalimentaria* do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: 2001, 2000 e 1999) é a que se presenta na táboa que segue a este parágrafo. Non se incluíu a actividade de prados e pastos, dado que unicamente existe un dato puntual nun ano (*Estrategia forestal española*, 1999), e optouse por non incluíla coa intención de manter unha evolución homoxénea.


EVOLUCIÓN da PRODUCCIÓN FORESTAL segundo APROVEITAMENTO(1996-1999).				
Valores en miles de Euros constantes de 2001				
APROVEITAMENTO	1996	1997	1998	1999
PÉS e SEMENTES	32.290,20	45.563,47	31.272,11	16.671,42
MADEIRA e LEÑA **	734.913,48	766.279,03	804.852,93	760.392,79
RESINA, CORTIZA e ESPARTO **	65,42	71,07	148.377,51	81.461,59
FROITOS	47.688,21	54.037,68	57.156,23	14.160,74
FUNGOS	18.690,15	46.257,90	44.784,02	29.269,73
CAMA GANDO	3.141,21	3.375,50	949,44	3.117,91
PLANTAS OFICINAIS	425,78	114,50	132,27	73,45
AREA, GRAVA e PEDRAS	3.157,88	8.569,86	10.028,93	5.121,46
INGRESOS DE COLMEAS	643,91	529,64	119,25	64,81
OUTROS APROVEITAMENTOS	7.955,71	8.577,53	9.605,49	9.560,52
CAZA	79.660,02	86.382,57	82.799,25	88.626,67
CAZA (INGRESOS COMPLEMEN.)	122.740,55	128.814,00	97.587,78	78.128,33
PRODUCCIÓN PISCIFACTORÍAS	68.281,71	74.912,98	70.750,92	68.856,67
PESCA CONTINENTAL	27.889,32	32.026,83	24.060,86	26.432,27
TOTAL FORESTAL (EUROS)	1.147.543,54	1.255.512,55	1.382.476,99	1.181.938,38

■ Fonte: Elaboración propia a partir de *Anuario de estadística agroalimentaria 2001*. MAPA.e Banco de Datos TEMPUS, INE 2003.

** Valor da produción "en cargadeiro".

Nela detállase a evolución da produción silvícola por tipo de aproveitamento, valoradas en euros de 2001 (serie inflactada a euros do ano 2001, con índices elaborados a partir do IPC xeral con base en 1992, ofrecidos polo Banco de Datos TEMPUS do INE, ano 2003).

Débese facer mención a que os aproveitamentos madeirables se computen polo seu valor "en cargadeiro" e non "en pé", tal como se expresaba na aproximación á configuración do sector.



Non obstante, no *Anuario estadístico de España* do INE (2003), ofrécese unha serie máis completa en número de anos (se ben desfasada nun ano), aínda que o detalle por tipo de produción é máis incompleto que o detallado con anterioridade, baseado en datos do MAPA. É por iso que se se trata de obter unha idea clara da evolución do sector no seu conxunto e non tanto de levar o seguimento puntual dalgunha das producións específicas, sexa preferible a análise desta última táboa que, por outro lado, coincide a grandes liñas coa traxectoria definida pola anterior.

Tomando entón a seguinte táboa como referencia da tendencia definida pola produción extraída do monte español, pódese dicir que á vista dos datos, desde 1984 ata 1998 en termos reais (en euros constantes), a produción amosou un balance negativo, cun descenso do 46,5%. Este descenso, con todo, non debe tomarse como unha tendencia válida, posto que se fundamenta na non inclusión da importante partida de **reemprego** a partir do ano 1990, de forma tal que, ao prescindir do dito epígrafe, se obtén unha configuración máis cereteira e axustada á realidade.

Esta realidade fala dun crecemento global do 37,09% desde 1984 ata 1998, cunha evolución máis ou menos cíclica na que destacan os dous picos (de signo oposto) dos anos 1990 e 1991, reflexo da inexistencia de datos nos epígrafes de **caza e pesca** e noutros no ano 1990 e a súa posterior inclusión no ano 1991.

Se se salva esa situación e tomamos como valor de referencia o do ano anterior, a serie presenta unha evolución homoxénea e sen grandes saltos.


A devandira tendencia amósase no gráfico adxunto e permite comprobar o máximo de produción de toda a serie, alcanzado en 1989 (1.244,45 Meuros), punto que estivo próximo a lograrse en 1998 (1.228,41 Meuros), e que non se acadaría tampouco en 1999, á vista da primeira táboa, na que si existe información referente a ese exercicio, e que reflectía unha caída respecto a 1998.

EVOLUCIÓN da PRODUCCIÓN FORESTAL segundo APROVEITAMENTO(1984-1998). Valores en Millóns de Euros constantes de 2001

ANO	Reemprego	Madeiras	Leñas	Resinas	Cortiza	Caza e pesca	Outros	TOTAL
1984	1.399,52	460,08	38,98	10,18	54,65	267,70	64,49	2.295,60
1985	1.451,76	469,59	41,30	12,43	38,19	311,88	95,50	2.420,64
1986	1.560,67	503,57	44,12	5,43	38,91	332,54	95,87	2.581,11
1987	1.490,66	618,95	40,33	6,83	38,84	..	..	2.609,89
1988	1.511,00	760,06	39,05	7,36	48,26	..	..	2.662,82
1989	1.554,40	837,03	41,76	6,28	86,58	175,29	97,51	2.798,84
1990	..	794,20	41,48	5,06	68,23	..	..	908,97
1991	..	748,99	45,06	0,56	56,26	160,60	109,66	1.121,12
1992	..	637,68	51,72	1,01	57,47	151,08	138,98	1.037,96
1993	..	574,68	37,91	0,88	66,70	151,36	140,96	972,50
1994	..	662,01	48,26	1,70	50,25	156,35	129,65	1.048,22
1995	..	709,70	66,47	1,28	47,42	168,29	121,99	1.115,16
1996	..	678,12	56,79	1,81	63,61	175,84	119,66	1.095,83
1997	..	731,30	34,99	2,07	68,97	193,33	172,48	1.203,11
1998	..	751,95	52,90	2,88	145,48	177,61	97,59	1.228,41

■ Fonte: Elaboración propia a partir do Anuario estadístico de España. INE. 2003, e Banco de Datos TEMPUS, INE 2003. Valor da produción "en cargadeiro".

PRODUCCIÓN FORESTAL (1984-1998)



Contemplando o conxunto da serie, non obstante, é fácil constatar a tendencia á alza da produción forestal en España, se ben cunha compoñente cíclica que se vén corresponder cunha produción que non depende unicamente de factores do mercado, senón que está suxeito a condicionantes climáticos, e outro tipo de incidencias tales como pragas, incendios, etc. que son propios dunha produción primaria non mineira.